



Gallego Jorreto: "Non hai unha arquitectura galega"

O recente Premio Nacional defende que as normas do Hábitat se insiran pouco a pouco na sociedade. **Páx. 29**



Suso de Toro: "Galicia ten que ser suxeito político"

O escritor di que a cuestión non é que Galicia sexa nación, senón que asuma as súas responsabilidades consigo mesma. **Páx. 28**

Palmarés con moitas sorpresas no Festival de cine de Cannes

A película francesa 'Entre les murs', dirixida por Laurent Cantet, gañou a Palma de Ouro contra todo prognóstico. **Páx. 27**

maré Hoxe

LUNS 26

mare@galicia-hoxe.com



A celebración do II Dia do Orgulho Lusista e Reintegrata foi promovida en Santiago de Compostela por un grupo de persoas comprometidas coa lingua galega

"Lusofobía nunca máis"

"25 de maio saímos do armario". "Non temos vergoña de facer esta coña". E "lusofobía, nunca máis". Son algunhas das consignas que onte, cubertos con toallas e con moita xolda, entoaron a vintena de persoas que se congregaron na Alameda compostelá para conmemorar o II Día do Orgulho Lusista e Reintegrata.

"Somos un colectivo marxinalizado que quere darse a coñecer, visibilizando a nosa opción lingüística ortográfica, e amosando que somos persoas normais, e divertidas...". Así explicou Suso Sanmartín, un dos organizadores da conmemoración esta fin de semana en Santiago do II Día do Orgulho Lusista e Reintegrata, o motivo da posta en marcha desta iniciativa.

Unha vintena de persoas, "42 segundo a organización, e ¿Día de que? segundo a Policía", consonte eles mesmos comentaron de brin-

cadeira-, percorreron onte distintos espazos da zona antiga da cidade escenificando a súa "saída do armario", ao xeito do Día do Orgulho LGBT, para reivindicar o reintegracionismo como opción normativa e, máis aínda, como un xeito, coma outro, de ser galegos e galegas.

A "mani-festa-acción", segundo eles mesmos a definen, na que non faltou a gaita, rematou na Praza de Mazarelos coa lectura dun manifesto por parte do escritor João Guisán Seixas, quen reclamou un esforzo por abrir "túneis" que "co-

munique aquela pata noroeste do lugar ocupado pola representación española que corresponde a Galiza, con todos os outros lugares de lingua portuguesa".

O programa do II Día do Orgulho Lusista e Reintegrata, que cadrou co VII Día Internacional da Toalha e no ámbito hispanófono co Día del Orgullo Friki, comezou o sábado cunha festa no centro social O Pichel na que, entre cancións de Karaoke e outras esmorgas, se animou á representante portuguesa de Eurovisión. **• M. DOPICO**